

Le Villi

Unha ópera de Giacomo Puccini

UN PROXECTO ARTÍSTICO TRANSVERSAL E SENLLEIRO
DE SEIS CENTROS PÚBLICOS DE GALIZA

Conservatorio Superior de Música da Coruña
Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso
Centro Integrado de Formación Profesional Imaxen e Son
Centro Integrado de Formación Profesional Paseo das Pontes
Centro Integrado de Formación Profesional de Someso



Grazas por ler.

Son Diego Segade, Vicedirector do Conservatorio Superior de Música da Coruña e coordinador do proxecto.

Gustárame comezar este documento cunha pequena reflexión persoal sobre os elementos que me estimularon para levalo a cabo.

Durante toda a miña vida como estudante de música clásica, e especialmente desde que me fixen docente, sentín a necesidade de relacionar dun xeito máis estreito o que facemos dentro das aulas coa comunidade que nos rodea. As ensinanzas artísticas conviven moitas veces máis de espaldas á sociedade do que nos gustaría, polo que sentín imperativo traballar por unha proposta escénica que repercutise na nosa contorna de xeito real. Isto, ademáis, axudaría a dignificar as nosas ensinanzas dentro do colectivo.

Por outra banda, nesta última etapa como parte do equipo directivo fun consciente de todas as ferramentas e a potencialidade que diferentes centros de Galicia terían se traballasen en conxunto. Verdadeiramente, penso que facemos esta ópera porque podemos facela, porque só temos que trascender as paredes dos nosos centros e xuntar os esforzos para impactar de forma conxunta. Trátase de dúas cousas: traballar en equipo e xestionar os nosos recursos.

Por iso, esta aventura. Unha ópera, seis centros de ensinanza públicos e o escenario dun dos teatros máis importantes da comunidade: o Teatro Colón da Coruña.

Esta viaxe, que comezou hai uns meses, xa foi para mín unha experiencia moito máis gratificante, interesante e transversal do que ao inicio puideron imaxinar.

Asdo. Diego Segade Blanco



1. A semente.
2. Centros participantes e colaboracións institucionais.
 - 2.1. Centros públicos participantes.
 - 2.2. Colaboracións institucionais.
3. Un proxecto transversal.
4. Por que unha ópera?
5. Que nos pode deparar o futuro?
6. Síntese argumental.
7. Notas ao programa.
8. Le Villi de Giacomo Puccini: adaptación de Paula Cobián.
9. Estilo visual.



1. A semente

Todo proxecto ten un comezo, e, neste caso, Le Villi agroma recordando dúas apostas pola cultura que se fixeron hai moito tempo na nosa cidade, A Coruña. Este proxecto, educativo e transversal, é dalgún xeito homenaxe ás persoas que o fixeron posible.

É preciso remontarse a decembro de 1798, ano no que, grazas a Nicola Setaro, rematou a construción do primeiro teatro de ópera da cidade. Nicola foi artista, empresario e visionario napolitano, e propúxose levar a ópera italiana máis alá de onde chegara nunca. O teatro foi o medio para a introdución, na cidade e nas vidas dos galegos e galegas, dunha vasta cantidade de repertorio operístico composto dende o século XVIII.

Cento cincuenta anos máis tarde, a cidade herculina gozou doutro gran impulso no que a acceso á cultura musical se refire, cando Alberto Garaizábal, músico de orixe vasco, transformou a Agrupación de Instrumentos de Arcos da Sociedade Filarmónica en Orquestra Filarmónica de Coruña, e fundou o Conservatorio de Música e Declamación da cidade.

Ambos xestos, o de Nicola e o de Alberto, tiveron fundamentalmente a mesma esencia: apostar pola creación de institucións musicais que respondesen ás novas necesidades da sociedade da época.

Tanto Setaro como Garaizábal non poderían evitar conectar coa proposta que imos realizar neste 2024: a ópera Le Villi de G. Puccini no Teatro Colón, implicando na súa realización a alumnado de seis centros de ensino público da comunidade. Coordinado polo Conservatorio Superior da Coruña e coa colaboración de tres institucións artísticas públicas de Galicia, o proxecto é un engranaxe completamente transversal. A ópera, neste senso, enfócase dende a súa esencia: unha obra de arte total.

Le Villi pretende ser a semente que demostre, aos asistentes, a calidade artística no ámbito das ensinanzas artísticas a nivel nacional; ao alumnado, as posibilidades laborais que surxen da fusión coas diferentes artes e oficios; e, á sociedade, as oportunidades que otorga o traballo en equipo e a colaboración institucional.

2. Centros participantes e colaboracións institucionais

2.1. Centros públicos participantes

- Conservatorio Superior de Música da Coruña. Será o centro organizador do proxecto, e, ademáis, encargarse de realizar a parte musical da ópera cun impacto directo en 90 estudantes.
- Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. A súa rama de dirección escénica e dramaturxia contará cun TFE vinculado ao proceso de escenificación e realización da ópera. Así mesmo, un elenco de estudantes da asignatura de danza realizará a parte coreografiada da ópera.
- Escola de Arte Superior e Deseño Pablo Picasso. Encargarase de realizar as proxeccións que se mostrarán durante a ópera e os deseños dos diferentes elementos comunicativos e publicitarios.
- Centro Integrado de Formación Profesional Imaxen e Son. Por un lado, realizará a proxección e iluminación das diferentes esceas da ópera. Ademáis, encargarse da gravación do evento e das fotografías que documentarán a memoria do proxecto.
- Centro Integrado de Formación Profesional Paseo das Pontes. O seu ciclo de confección e pel dotará con complementos e vestimenta aos interpretes.
- Centro Integrado de Formación Profesional de Someso. O seu ciclo imaxe persoal dotará de maquillaxe, perruquería e caracterización estética aos intérpretes. Por outro lado, a súa rama de formación profesional relacionada coa madeira aportará elementos escénicos que proporcionen volume no escenario.



2.2. Colaboracións institucionais

Dada a magnitude e a complexidade técnica do proxecto, contarase coa colaboración do Centro Coreográfico Galego e o Centro Dramático Galego, que proporcionarán vestiario para os diferentes compoñentes da escea así coma de atrezzo para ambientar a caracterizar as diversas accións.

Por outra banda, o Concello da Coruña cederá dous días o Teatro Colón para o ensaio xeral e a función, e asumirá os gastos da retirada de butacas necesarias para a utilización do foso orquestral.

Finalmente, a Orquesta Sinfónica de Galicia cederá algúns instrumentos, unha pantalla de proxección de texto e tarimas.

3. Un proxecto transversal

A transversalidade é un termo que vén de cobrar un interese fundamental nos últimos anos. Así, é ben sabido que a compartimentación de saberes debe deixar paso á permeabilidade e apertura dos mesmos cara a sociedade. Dentro dun centro, acadar transversalidade é acadar calidade no proceso de ensino-aprendizaxe. Porén, neste proxecto, a intención é ir un paso máis alá, derribar non só os tabiques que parcelan os coñecementos en cada centro senon tamén a estrutura que separa as diferentes institucións. E, a partir dunha colaboración profesional, rematar cun proxecto único, colectivo, que represente a cada un dos seus integrantes e que resulte nun traballo educativo transversal diferencial.

Apoiar un proxecto coma Le Villi é apostar polos ensinos artísticos e os ciclos profesionais; é visibilizalos, dignificalos e valoralos como revulsivo, aliciente e estímulo social. Ademais, un proxecto colectivo coma este permite xerar impacto no noso estudantado a través do:

- Desenvolvemento de actividades transferibles e recoñecemento das conexións entre disciplinas.
- Enriquecemento das experiencias de aprendizaxe, cunha perspectiva máis completa e holística da educación que vai máis alá do currículo e que combina aspectos técnicos coa expresión creativa.
- Desenvolvemento de habilidades brandas (soft skills), como a creatividade, a comunicación, o traballo en equipa e o pensamento crítico.

- Aumento das nocións de empregabilidade, grazas á simulación de situacións reais do mundo laboral.
- Incitación á innovación, alentando aos estudantes a pensar de xeito creativo para dar con solucións orixinais a problemas complexos.
- Reivindicación da inclusión, baseada na condición igualitaria e necesaria de todos os estudantes e o respecto ás diferencias individuais.
- Fortalecemento da comunidade educativa, creando un sentido de pertenza e orgullo ao colectivo creador do proxecto.


Así pois, a colaboración entre ensinos artísticos e ciclos profesionais ofrece unha serie de beneficios que van máis aló do académico, pois preparan aos estudantes para afrontar os desafíos do mundo laboral e contribuír de maneira significativa á sociedade. Ademais, un proxecto que valora a expresión creativa e o pensamento crítico coma este, axuda a desenvolver habilidades fundamentais para capacitación de líderes e emprendedores que queiran abordar os desafíos do século XXI.

4. Por que unha ópera?

Falar de ópera implica falar de emocións e sentidos. A vista, o oído, a experiencia do teatro, o interese polo argumento e o desfrute das melodías. Un espazo escénico, a fin de contas, que impacta na sociedade. Un espazo dende o que se pode falar, dar exemplo, propoñer, inventar, explorar...

É ben sabido que as emocións teñen un papel fundamental no proceso de aprendizaxe humana: inflúen na atención, na memoria, na motivación, na regulación emocional e na interacción social. Por iso, a ópera é un espazo ideal para transformar a sociedade. Como? Cos seguintes elementos:

- Narrativas profundas e universais. As óperas a miúdo exploran temas universais e emocionalmente poderosos, como o amor, a perda, a traición e a redención. As historias ben contadas e os personaxes complexos poden ecoar profundamente co público e espertar desde a empatía ata a reflexión e a compaixón.



- Música emocionalmente evocadora. As arias emotivas, os coros harmoniosos e as melodías memorables poden conmovér o corazón e a mente dos espectadores, abrindo paso a unha experiencia emocional profunda e transformadora.
- Conexión emocional cos personaxes. Os personaxes complexos e multidimensionales son elementos cos que o público pode identificarse e empatizar. Ao experimentar as súas alegrías, penas e desafíos, prodúcese unha conexión emocional profunda que leva aos espectadores a reflexionar sobre as súas propias vidas e experiencias.
- Reflexión sobre cuestións sociais e morais. Moitas óperas abordan cuestións sociais e morais importantes que son relevantes para a sociedade en xeral. A través da representación dramática no escenario, as óperas poden provocar debates e reflexións sobre temas como a xustiza, a igualdade, a liberdade ou a responsabilidade moral.
- Experiencia colectiva. O feito de asistir a unha ópera en vivo é a miúdo unha experiencia colectiva profunda, na que o público comparte emocións intensas e se mergulla na historia e na música. Esta experiencia compartida crea un sentido de comunidade e conexión que transcende as diferenzas individuais.
- Inspiración para o cambio. As óperas, dende o seu mundo de ficción, funcionan como un espello dos problemas e conflitos do mundo actual. O espectador sintese apelado a repensar á súa realidade e a súa responsabilidade co colectivo social.

Le Villi pretende todo isto, xerar emocións profundas e transformadoras co argumento, coa música, coa escena e co feito de que a xuventude galega atópase detrás do proxecto. As súas inquedanzas, emocións e pensamentos quedan dalgún xeito impregnadas nesta produción, e, a comunidade asistente, responde e disfruta con elas. Unha excusa, en última instancia, para inspirar e reflexionar sobre o cambio social e o camiño a percorrer.



5. Que nos pode deparar o futuro?

Por suposto, este foi tan só o primeiro paso dunha andaina que pretende cada vez profesionalizarse máis na xestión dos recursos. Despois de organizar esta ópera, démonos conta non só do que fixemos posible, senón tamén de todo o que podería selo nos vindeiros anos.

Os centros de ensinanza públicos galegos contamos cunha morea de recursos que, de seren ben coordinados e organizados, permitirán mostrar, desfrutar e aprender dun produto de excelencia artística sen igual. Ademáis, todos os procesos de ensinanza-aprendizaxe que engloban o desenvolvemento dunha ópera atópanse representados nos currículos educativos das diferentes especialidades. É dicir: temos os medios, e podemos ensinar de xeito significativo e diferencial os nosos contidos.

Para facer isto cada vez máis eficiente, propóñense aquí unha lista de colaboracións que nacerán ou seguirán medrando nos vindeiros proxectos:

- O deseño do vestiario será unha colaboración entre a EASD MESTRE MATEO co seu grao de deseño de moda e o CIFP SOMESO dentro do seu grao de textil, confección e pel.
- O deseño dos volumes que nos proxectan formas sinuosas no escenario, levarase a cabo nunha colaboración da EASD Pablo Picasso co seu ciclo de escultura aplicada ao espectáculo e taller de madeira, a EASD ANTONIO FAÍLDE co seu ciclo de ebanistería artística e o CIFP SOMESO dentro do seu ciclo de carpintería.
- O deseño das diferentes esceas será un traballo en equipo entre a ESAD Galicia coa proposta da escea e a súa execución a cargo da EASD Pablo Picasso co seu grao de deseño de interiores.

Por outra banda, nos vindeiros proxectos poñeremos máis o foco no impacto que xera este espectáculo na sociedade. Para iso é primordial manter o proxecto en activo durante un tempo, cun número maior de funcións que permitan un acceso a máis número e máis variado público. Ademáis, isto permitirá aos alumnos participantes vivir o proceso escénico dunha maneira profesional, coma se dunha compañía de ópera se tratase.

Por último, este impacto tamén nos gustaría telo nos centros de ensinanza obligatoria, creando materias didácticas que achegasen o proxecto aos máis novos. De feito, isto sería un proceso non só rico a nivel educativo senón tamén interesantísimo para promocionar as diversas ramas profesionais que interveñen no espectáculo.

Con todo iso, con Le villi neste caso, pero co proxecto de ópera transversal e interdisciplinar presentado aquí, queremos deixar constancia de que isto xa non é só unha semente, senon que é todo un ecosistema. Un ecosistema vivo, colectivo, e con gañas de transformarse e nutrirse a cada paso.



6. Síntese argumental

Le villi (1884) ópera-ballet de G. Puccini

Nun pobo situado na Selva Negra desenvólvese o argumento desta ópera protagonizada por Anna e Roberto. Nun ambiente festivo celebran o seu compromiso. Roberto ten que partir a unha viaxe e Anna teme que se esqueza dela. Os seus temores cúmprense, Roberto non volve e morre abandonada. O pai de Anna invoca ás villis, espíritos de mulleres abandonadas para vingar a morte da súa filla. Roberto volve ao pobo atormentado. As villis e o espírito de Anna acosan coas súas danzas a Roberto que morre toleado.

7. Notas ao programa

Le villi: O Me Too pucciniano

A reflexión sobre a primeira ópera de Puccini vincúlalos directamente coa formulación da partitura. O gran valor desta obra reside, entre outros elementos, na orquestración. A xenuína investigación da cor, o desexo de experimentar cos instrumentos da orquestra é unha incesante procura na súa traxectoria que alcanza en obras mestras como, por exemplo, *Il trittico*.

Le villi compórtase como unha ópera máxica na que Puccini encaixa todas as súas preocupacións para configurar o seu estilo. As mulleres na súa obra son o eixo fundamental no universo do compositor. Esta fascinante partitura móvese entre as lendas populares e os mitos da tradición clásica. Lembremos como as furias perseguían a Orestes e como o tolean e por suposto a tradición de lendas e contos onde as mulleres como espíritos ou seres máxicos aparecen e desaparecen nas diferentes tramas dentro da literatura ou a ópera.

Esta idea da vinganza planea ata o final da óperas de Puccini. Neste sentido atopámonos coa súa última e inacabada obra, *Turandot*. A famosa princesa chinesa relátanos a súa xustificación dos crimes contra os príncipes que pretenden casar con ela. O seu odio cara aos homes relaciónao cos seus desexos de vinganza polo crime cometido coa súa antepasada. Pero *Turandot* enlaza aínda máis con *Le villi* ao atoparnos

dúas sopranos antagónicas, Liú e a propia *Turandot*, dous perfís ben diferentes que, dalgunha maneira identifican a Anna antes da súa morte e logo na terrorífica aparición como espírito. Vocalmente estamos máis preto doutro tipo de heroínas puccinianas, pero non tanto da configuración dramática. Anna abre a porta a personaxes cunha gran personalidade vocal do mesmo xeito que o tratamento do tenor no rol de Roberto. Ambos sofren unha evolución nun espazo vertixinoso e ambos se converten en diferentes persoas. O único real que subxace é a propia partitura da que emerxen os temas que nos lembran tanto a eles como aos seus propios sentimentos. A historia transcorre moi rápida e a idea dos camiños iniciáticos está moi presente. A modo do mito clásico de Orfeo aquí sucédense varias viaxes ou descensos. A partida de Roberto e o seu retorno ante Anna morta. A chegada e invocación do pai de Anna e por fin, a aparición do espírito da súa abandonada noiva. Pecha a ópera a morte de Roberto ou como é devorado polas villis/furias. Puccini asombra coa súa brillante idea de realizar unha visión demoledora dos mitos de Don Juan e do Orfeo, sen esquecer o protagonismo da tradición popular e da mitolóxica das mulleres encargadas de vingarse e aniquilar aos seus obxectivos. Por todo iso atopamos nunha obra de finais do século XIX unha reveladora influencia da tradición clásica derivada de Gluck e Mozart. Non en balde trátase dunha ópera ballet con presenza de coro e solistas.

Os sentimentos prevalecen nunha historia postromántica e é o factor de maior éxito que Puccini utiliza desde o comezo da súa obra para asumir as melodías máis arriscadas nos seus grandes arias. As súas influencias máis próximas están nas características vocais do último Verdi e por suposto nas diferentes correntes que lle toca vivir.

Pero en toda esta concepción tan clásica de *Le villi* Puccini penétrase no terror e no suspense que alcanzará os seus máximos en *Tosca* ou na xa mencionada *Turandot*.

A inquietante invocación do pai de Anna e o dramático final colócanos #ante unha ópera cargada de símbolos entre os camiños do sufrimento humano.

Roberto Relova Quinteiro
Catedrático de Etnomusicología.



8. Le Villi de Giacomo Puccini, adaptación de Paula Cobián

Esta nova adaptación da ópera “*Le Villi*”, de Giacomo Puccini, sitúase na Galicia da emigración e está baseada no poema “*Viúvas de vivos e mortos*” de Rosalía de Castro. A Galicia da emigración é un escenario que proporciona múltiples historias de familias separadas pola necesidade de procurar novas oportunidades en terras lonxanas. Experiencias que marcaron a moitas mulleres, sobre todo. Mulleres que sufriron a ausencia dos seus seres queridos e se enfrontaron á incerteza e á soidade. Conectando a trama da ópera orixinal con estes sentimentos tan arraigados na historia recente de Galicia, esta nova versión, pretende crear unha narrativa emocionalmente intensa que resoe nas mentes dos que viviron, e sufriron a realidade da emigración. A través da música de Puccini, e coa intensidade emocional das verbas de Rosalía resoando nos ouvidos do espectador, este poderá facer unha viaxe emocional a través do amor, a separación, a traizón e a vinganza, no contexto da emigración galega e a desgraza que esta supuxo para grande parte da sociedade da época.

A identificación das *Villis* coas *viúvas de vivos e mortos* de Rosalía, engade un elemento sobrenatural e vingativo. A manifestación da ira e a sede de vinganza como canle da dor, crea un contexto emocional que afonda nas profundidades do ser feminino, atrapado en emocións tan intensas como a traizón, a soidade e o desexo de xustiza. Unha representación dos sentimentos máis terreaís, personificados no sobrenatural.

Un ser enigmático presente nos momentos máis intensos da trama, personifica a traizón, o abandono, e ven a converterse en catalizador da desgracia e sufrimento da protagonista, levando a cabo a súa vinganza e revelando as súas emocións máis profundas. Personifica a desolación e a melancolía, a separación, o sentimento de perda, un estado profundo de soidade e desamparo... Unha devastación emocional tan intensa que leva á protagonista ao seu final e que provoca nela anhelos de xustiza e sede de vinganza que, a través deste personaxe e a súa vinculación coas *Villis*, poderá levar a cabo.

Paula Cobián
Directora de escena e coreógrafa

*“Este vaise e aquel vaise,
e todos, todos se van,
Galicia sen homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E téis corazóns que sofren
longas ausencias mortás,
viúvas de vivos e mortos
que ninguén consolará.”*

Follas Novas (1880)

Rosalía de Castro

9. Estilo visual

Para os fondos proxectados e a comunicación gráfica, procurouse crear un conxunto de imaxes contemporáneo, con referencias abstractas que contrasten cos traxes máis convencionais. Buscouse algo sinxelo que tivese un gran impacto visual e que, en lugar de describir, suxerise. Algo con personalidade, como esta adaptación dunha obra clásica.

As referencias analizadas van desde “Akhnaten” de Philip Glass ata “Macbeth” de Mario Martone. No primeiro caso, a escenografía caracterízase polo seu minimalismo abstracto e o seu impacto visual a través de cores saturadas que contrastan co resto dos elementos. No segundo caso, preséntanse un escenario espido, un par de cabalos e proxeccións.

O obxectivo era centrar plenamente a atención nos seus protagonistas nun ambiente sinxelo e sincero. Tamén se tiveron en conta referencias do ámbito da ilustración, como “A caza” de Alberto Vázquez, un dos máis reconecido no panorama galego. “The Hunt” é un cómic onde se usan os gráficos mediante a técnica sumi-e e o uso de tinta chinesa. Acompañado dun debuxo fortemente expresivo, xera unidade narrativa e un mundo moi persoal.

O uso da tinta chinesa e a técnica sumi-e permite crear escenas de xeito sinxelo xerando un tipo moi expresivo de gráficos. O seu trazo orgánico dálle un grao de fluidez e unha sinxeleza interesante que non interfere cos personaxes. A aposta pola fusión do analóxico co dixital proporciona un marcado carácter persoal e íntimo, cun grao de dinamismo e abstracción engadidos a un estilo minimalista moi expresivo.

A idea e o material gráfico foi desenvolto polo alumnado de 3º curso do Grao de Deseño Gráfico da Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso, coordinado pola docente Elena Iglesias.



Le Villi

Unha ópera de Giacomo Puccini

UN PROXECTO ARTÍSTICO TRANSVERSAL E SENLLEIRO
DE SEIS CENTROS PÚBLICOS DE GALIZA

 XUNTA DE GALICIA | CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

 XUNTA DE GALICIA | ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA

 XUNTA DE GALICIA | ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO PABLO PICASSO

 XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESCOLA DE IMAXE E SON

 XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PASEO DAS PONTES

 XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL SOMESO

 centro coreográfico galego

 centro dramático galego

 SINFÓNICA DE GALICIA

 Concello da Coruña

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA